



SESION ORDINARIA DE 27 DE FEBREIRO DE 2024

(Acta número 03)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D^a. Carmen José López Rodríguez
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvarinho
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e sete de febreiro de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	1/27
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de xaneiro de dous mil vinte e catro, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=2>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DA CELEBRACIÓN DUN CONTRATO DE COMODATO E DAS SÚAS CLÁUSULAS REITORAS ENTRE O MUSEO PROVINCIAL DE LUGO E O MUSEO NACIONAL DEL PRADO.


Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“A dirección do Museo Provincial de Lugo pon de manifesto o gran aliciente que supón para o desenvolvemento do proxecto expositivo provincial denominado *EL ARTE QUE CONECTA* ser partícipe do apoio que o Museo Nacional del Prado presta a outras institucións museísticas mediante a cesión de obras incluídas na colección que, disposta co distintivo PRADO EXTENDIDO, ten por *obxectivo proxectar a colección do Museo no contexto nacional apostando por unha innovadora xestión dos seus depósitos que fomenta a presenza, visibilidade e acceso da colección en todo o territorio español para favorecer o seu coñecemento e difusión.*

A tal finalidade a Dirección do Museo del Prado traslada o Acordo da Comisión Permanente del Real Patronato do 25 de outubro de 2023 de cesión da obra *Sibila* de Velázquez pertencente á coleccións do Museo Nacional del Prado e das condicións reitoras do contrato de comodato desta obra de arte adscrita ao Museo del Prado e vinculado ao proxecto expositivo provincial *El arte que conecta*.

A xustificación da oportunidade, conveniencia e finalidade desta cesión son sinalados no *informe da Dirección do Museo Provincial conformado pola Deputada delegada da Área de Cultura asinado o 06.02.2024 baixo o CSV IV7W22ANZF7C3GEPYN6BP4CWKE no que destaca que implica un gran aliciente para o Museo Provincial de Lugo, tendo en conta non só a repercusión a nivel estatal que suporá vincular ambos museos, senón tamén a efectos de incremento de visitantes, recoñecemento e visibilidade do MPL, este préstamo dunha obra de arte de gran valor e interese internacional, etc.*

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	2/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



No marco da consecución do interese xeral do fomento da presenza do Museo del Prado en todas as Comunidades Autónomas, do incremento do acceso do público aos fondos depositados e da súa visibilidade, concorren o interese do oferente e o interese provincial sendo axeitado a súa instrumentalización mediante a celebración dun contrato de comodato cuxas características esenciais, a gratuidade e a temporalidade, presidirán a súa formalización.

O acordo de vontades se formalizará no correspondente contrato de comodato asinado polas partes interesadas, e o seu contido foi trasladado pola responsable do Servicio de Depósitos de Obras de Arte do Museo del Prado mediante presentación no rexistro provincial o 12.02.2024 para a súa conformidade por esta Deputación de Lugo.

A vista do exposto, o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio de data 19.02.2024 asinado baixo o CSV IV7WE63MNMX2RGJ5BQ6HAQQEQ expresa que *“aínda que a figura xurídica do contrato de comodato non está recollida expresamente na lexislación específica patrimonial, a teor do contido básico do artigo 106.1 da Lei 33/03 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, o contrato de comodato se enmarca dentro dos negocios xurídicos que as Administracións Públicas poden celebrar.*

Singularmente sinala que as pretensións das partes e a efectividade do ofrecemento do Museo del Prado da cesión do uso temporal e gratuíta dun ben non funxible, quedan amparadas na definición e características que do contrato de comodato presenta o contido do artigo 1740 do Código Civil: Por el contrato de préstamo, una de las partes entrega a la otra, o alguna cosa no fungible para que use de ella por cierto tiempo y se la devuelva, en cuyo caso se llama comodato, (...) El comodato es esencialmente gratuito.

O contido do contrato de comodato que forma parte do dito informe expresa o obxecto, finalidade, extinción, e as cláusulas que rexerán as obrigas das partes, e de cuxo cumprimento intrinsecamente respondería á Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística nomeadamente na Directora do Museo Provincial ou persoa na que delegue para realizar as funcións de responsable do contrato principalmente as relativas a supervisar a execución do contrato ou adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada e na defensa do interese xeral.

E conclúe que estima que o presente procedemento conducente á celebración do referido contrato de comodato e do seu prego reitor adecúase á lexislación vixente e poderá someterse á aprobación do Pleno da Corporación”.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Observacións		Páxina	3/27
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Consta informe asinado o 21.02.2024 asinado polo Servicio de Contratación e Fomento baixo o CSV iBAXID95g/AuGvV0lzDB7A== no que expresa os custes para cubrir o servizo respecto ao recollido na cláusula 4ª relativa as “Condições de seguridade” do referido contrato de comodato.

Consta consignación orzamentaria asinada o 21.02.2024 baixo o CSV IV7WEGTYDTZJVTBOAMVMKLT4Y por un importe total de 9.117,22 € correspondentes os orzamentos presentados para os custes de videovixilancia (4.595,40) e vixilancia armada (4.521,82) e referidos no antedito informe do Servicio de Contratación

Consta informe da Intervención Provincial asinado o 21.02.2024 baixo o CSV IV7WEGSKKDWSXCB5CAUXCB260E que entre outros expresa que (...) pola contía do expediente relativo a “cesión temporal obra “Sibila” do pintor Velázquez a favor do Museo Provincial de Lugo en aplicación, en concreto, dos artigos 219 do TRLHHL e 26.2 da LCSP non está sometido a fiscalización previa a aprobación e adxudicación do mesmo.


Polo exposto, a teor do disposto no número 10 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 do novembro, de Contratos do Sector Público propónse ao Pleno:

Primeiro.- Aprobar a celebración dun contrato de comodato da obra Sibila de Velázquez pertencente o Museo Nacional del Prado para a súa cesión temporal e gratuíta a favor desta Deputación de Lugo entre o 10 de xuño e o 7 de xullo de 2024 e vinculada o proxecto provincial expositivo El arte que conecta.

Segundo.- Aprobar o texto do contrato de comodato que contén as disposicións reguladoras e proceder a súa formalización mediante a sinatura en documento administrativo pola Deputada Delegada da Area de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística.

Terceiro.- Designar á Directora do Museo Provincial ou persoa na que delegue, para realizar as funcións de responsable do contrato principalmente as relativas a supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada e na defensa do interese xeral”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=3>

--oo0oo--

3.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE INVESTIMENTOS PARA LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia un Plan de Investimentos para Lugo.

A concepción partidista da política á que nos ten feitos o PP acadou un novo fito o pasado día 14 de febreiro, cando Alfonso Rueda reuniu co presidente provincial do seu partido en Ourense para firmar un documento comprometendo un plan de investimento de 117 M€ para esa cidade, con 12 medidas “concretas, serias, rigorosas e realizables”. Entre as medidas, detalladas nos medios de comunicación, atópanse melloras en infraestruturas, centros de saúde, investimento en vivenda pública ou nun centro de atención a persoas con discapacidade. Chama a atención a dilixencia ca que o señor Rueda promete en campaña os cartos que non executa dende a Xunta. E chama tamén a atención que se prometan 10M€ para financiar unha residencia que vai construír unha fundación privada, tendo en conta a incapacidade da Xunta para construír prazas públicas.

En todo caso, e sen ter o menor ánimo de prexudicar os investimentos previstos noutra provincia galega, o goberno da Deputación de Lugo non pode deixar de reclamar para a nosa provincia un plan de investimento semellante, que poña fin ó abandono das infraestruturas e á falla de investimento en Lugo e na súa provincia por parte dos gobernos do PP. Ó igual que o señor Rueda reuniuse ca Deputación ourensá,

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Observacións		Páxina	5/27
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



o invitamos a manter unha reunión coa Deputación de Lugo, rachando así co desprezo institucional herdado do seu antecesor no cargo.

De seguro, esa reunión permitirá abordar asuntos pendentes como a situación da Ronda Leste, o Plan Paradai, o acceso ó Porto Seco de Monforte ou as obras da VAC Costa Norte, por citar algúns temas pendentes. E dende o goberno provincial estaremos en condicións de achegarlle ó presidente da Xunta ideas “rigorosas e serias” para recuperar os servizos públicos no rural, reindustrializar A Mariña o impulsar a construción de residencias públicas de maiores. E tamén para consolidar a oferta formativa do noso Campus universitario e darlle maior proxección a un centro investigador como a Granxa Gaioso Castro, que pese a realizar un traballo científico serio e rigoroso, e ser un centro público aberto a todo o sector primario, segue sen recibir nin un euro dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Dende o compromiso inquebrantable ca defensa dos intereses de Lugo e dos seus veciños, dende a Deputación imos denunciar sempre posturas partidistas que pretenden fixar os investimentos en función do sentido do voto, e non das necesidades reais da xente. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno pola que a Deputación Provincial de Lugo reclama á Xunta de Galicia:


- Un plan de investimento que impulse as principais infraestruturas pendentes na provincia, emende as deficiencias nos servizos públicos e impulse novas medidas en áreas como a atención ós maiores e o acceso á vivenda, cun investimento semellante ó comprometido ca provincia de Ourense”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta proposta, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Popular propón o seguinte acordo:

1. A Deputación de Lugo insta á Xunta de Galicia a continuar o ritmo inversor na provincia de Lugo garantindo o investimento consignado para o 2024 e as vindeiras anualidades.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	6/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



2. A Deputación de Lugo reclama ao Goberno de España que nas vindeiras anualidades comprometa investimento para a provincia de Lugo co obxectivo de desbloquear e avanzar nas obras das infraestruturas estatais fundamentais para garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento da mesma a través de:

- a conexión da provincia de Lugo coa Alta Velocidade recuperando os proxectos das variantes dos Peares e Rubián, a modernización das infraestruturas das liñas ferroviarias, o impulso do FEVE e a recuperación das frecuencias previas á pandemia.
- a integración da liña A Coruña-Lugo no Corredor de Mercadorías do Atlántico.
- a reconstrución completa do viaduto da autovía A-6.
- o impulso de xeito decidido das obras das autovías A-54 (Lugo-Santiago), A-56 (Lugo-Ourense), A-74 (autovía da Mariña) e A-76 (Ponferrada –Ourense).
- o adecuado mantemento das infraestruturas de titularidade estatal que transcorren pola provincia de Lugo, como poden ser as autovías A-6 e A-8, a estradas nacionais N-540, N-VI, N-642, N-634 ou N – 120, entre outras, que garanta a seguridade dos usuarios das mesmas.

3. A Deputación de Lugo insta ao Goberno de España a transferir a Galicia os máis de 2.500 millóns de euros que acumula de débeda correspondentes ao 50% que a Lei de dependencia lle obriga a financiar ao Estado do gasto en dependencia”.

A emenda é rexeitada polos Grupos proponentes da iniciativa.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=4>

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA MEDIDAS URXENTES PARA REDUCIR A TEMPORALIDADE NOS SERVIZOS PÚBLICOS, NOMEADAMENTE EN SANIDADE E EDUCACIÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	7/27
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:


“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta medidas urxentes para reducir a temporalidade nos servizos públicos, nomeadamente en sanidade e educación.

Os datos oficiais do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública poñen de manifesto o elevado grao de temporalidade e precariedade que sofren os profesionais dos servizos públicos galegos. En xaneiro de 2023, o Sergas contaba con 43.217 contratos de menos de seis meses de duración. No eido da Educación non universitaria, o número de contratos precarios elevábase nesa data a 37.587.

Son datos preocupantes na medida en que a falta de estabilidade laboral é un factor que empobrece a calidade dos servizos públicos. Prexudica ós profesionais, que carecen da estabilidade necesaria para desenvolver o seu traballo. E prexudica tamén ó conxunto da sociedade, a destinataria deses servizos, que ve como os mesmos se prestan con cadros de persoal reducidos, sometidos a quendas de rotación constante, e sen posibilidade de establecer un vínculo continuado nen cunha tarefa concreta, nen cas persoas ás que prestan servizo.

Lonxe de terse reducido, a temporalidade da contratación nos servizos públicos vense incrementando durante os anos de goberno do Partido Popular. De acordo cos datos do Ministerio, en xaneiro do ano 2012, os contratos temporais no ensino non universitario foron 34.521, co que nunha década a contratación temporal en educación incrementouse case nun 9%. Este incremento é aínda máis notable no eido da Sanidade Pública, que en 2012 tiña 33.798 contratos temporais e na actualidade ten 43.217, case que dez mil contratos máis, cun incremento do 27,8% na temporalidade.

De xeito continuado, neste Pleno da Deputación vimos dando voz ás reclamacións de sindicatos, asociacións profesionais e de defensa dos servizos públicos, que non deixan de salientar nas súas reclamacións a necesidade de reducir a temporalidade na contratación como xeito de garantir a carreira profesional e de fortalecer a calidade dos nosos servizos públicos. E cumpre lembrar que as reducións de cadros de persoal e, xa que logo, a temporalidade, afectan de xeito especial ó mundo rural, ante a incapacidade da Xunta de Galicia de desenvolver políticas transversais que combinen salarios dignos, carga de traballo axeitada e incentivos para favorecer o asentamento profesional no rural.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	8/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Por todo o exposto, e unha vez máis o Grupo Provincial Socialista quere reiterar o seu compromiso ca defensa dos servizos públicos e do persoal que os desenvolve. Un persoal que merece estabilidade no traballo para poder desenvolvelo ca plena eficacia e calidade que merecemos todos os cidadáns. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- Medidas urxentes para reducir a temporalidade nos servizos públicos, nomeadamente na Sanidade e no Ensino
- Medidas que revertan a política de recortes que durante estes anos veñen minguando os cadros de persoal na sanidade e na educación, de xeito especial no rural
- O deseño dun novo modelo de carreira profesional, nomeadamente na Sanidade, que rache ca tendencia actual que leva a moitos profesionais a renunciar ás prazas que obteñen, por non querer desenvolvelas nas condicións que fixa o Sergas.
- A apertura de canles de diálogo ca FEGAMP, as Deputacións e os Concellos para desenvolver de xeito conxunto políticas transversais que favorezan a creación de emprego no rural e o atractivo do rural como destino para os funcionarios públicos”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=5>

5.-. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO E DEFENSA DAS REIVINDICACIÓNS DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	9/27
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio e defensa das reivindicacións do sector agrogandeiro galego.

Exposición de Motivos:


Galiza precisa facer valer a súa capacidade produtiva e a calidade das producións. Debemos defender perante Europa a nosa identidade territorial e a idiosincrasia propia da nosa tradición agraria como modelo sostible sobre o que construír o futuro do noso agro.

A transposición dos 8 decretos de aplicación da PAC 2023-2027, en primeiro termo dende a normativa europea e posteriormente dende o ámbito estatal ata o rexional sen respectar nin considerar as características intrínsecas do noso territorio e da xente do noso agro, coas prácticas tradicionais baseadas nunha actividade agrogandeira familiar, con dificultades de acceso á terra e cunha parcelación brutal da superficie agraria útil dispoñible (SAU) está provocando que as obrigas derivadas da aplicación destas novas normativas de xurros, caderno dixital, veterinario de explotación e ordenación de granxas de vacún entre outras sexan inasumibles para as granxas galegas.

A Consellería de Medio Rural agocha e esconde a súa incapacidade de xestión detrás dunha carga burocrática e carga administrativa cada día máis insostible, incluso para a estrutura e recursos humanos e materiais con que deixaron esmorecer o asesoramento agrario en Galiza.

A Xunta de Galiza é a primeira incapaz de cumprir prazos de pagamento e de xustificación nos procedementos administrativos, como trouxemos a este mesmo pleno no pasado mes de Decembro, demandando unha mellora na xestión de fondos europeos destinados ao sector do agro en Galiza e unha axilización dos pagos da PAC.

Ningunha destas novas normas se adapta ás granxas galegas, senón que están feitas para explotacións ou fincas enormes, pero non para a realidade das granxas familiares galegas. A Xunta ten que esixir cambios nestes reais decretos porque hai moitas medidas que non teñen sentido e son imposibles de cumprir.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	10/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



A entrada en vigor destas novas normas pode desencadear o peche anticipado de máis granxas, sobre todo daquelas máis pequenas, ante os novos requisitos e os gastos que supoñen. Estes reais decretos non van mellorar o sistema produtivo; só supoñen máis burocracia e máis gasto para as ganderías.

En liña co acordo acadado entre as organizacións profesionais agrarias maioritarias a nivel estatal, as OPAS galegas víronse obrigadas a actuar para paliar a excesiva burocracia que ten xerado a entrada en vigor de novas normativas europeas; así como para garantir que os acordos comerciais con países extra-comunitarios non poñan en risco a soberanía alimentaria nin supoñan unha competencia desleal para os produtores locais.

A pesar de que a Lei de Cadea é clara ao respecto; a ausencia de contratos claros, o pago por debaixo de custos de produción e a imposición de prezos eludindo a negociación colectiva seguen a ser prácticas habituais.

Cuestións que precisan de solucións inmediatas mediante un incremento do celo das administracións e un reforzamento dos medios e actuacións de control.

Así, as tres organizacións instan ás administracións a actuar con axilidade e rigor para garantir prezos xustos para os produtos agrogandeiros e, con eles, o futuro e a rendibilidade do sector produtor.

A recente aprobación por parte da Comisión Europea do Regulamento que concede unha exención parcial aos agricultores europeos da regra de condicionalidade nas terras en barbeito, que entrou en vigor o pasado 14 de febreiro, vai no bo camiño pero non é suficiente.

Como tampouco é suficiente o paquete de medidas propostas polo Ministerio de Agricultura ás organizacións profesionais agrarias o pasado 15 de febreiro, enfocadas ao reforzo da cadea alimentaria, simplificación burocrática, aspectos comerciais, seguros agrarios, gasóleo profesional, convocatoria do foro da gandería extensiva, e reforzo dos programas de incorporación de mozos/as na actividade agraria.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao Goberno do Estado a que faculte á futura Axencia Estatal de Información e Control Alimentario das facultades necesarias para facer cumprir a Lei da Cadea Alimentaria e acabar con prácticas e marxes abusivas para acadar prezos xustos para os produtos agroalimentarios, que redunden nunha renda digna para a xente traballadora do noso sector primario.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Observacións		Páxina	11/27
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2.- Demandar da Xunta de Galiza a reactivación do Observatorio Galego de prezos agrarios e a creación da figura do mediador na negociación de contratos que sirvan de indexación para o desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria en Galiza.

3.- Solicitar da Xunta de Galiza, a creación dentro do Comité de Seguimento do PEPAC, dunha mesa de traballo específica para a simplificación dos procedementos administrativos e unificación de criterios entre as diferentes Consellerías, a fin de simplificar a carga burocrática á que se ven sometidos os/as agricultores/as e gandeiros/as galegos/as, na transposición dos regulamentos europeos de aplicación da PAC ao noso territorio.

4.- Solicitar á Xunta de Galiza a través do Comité de Seguimento do PEPAC, da compensación aos produtores ecolóxicos que non recibiron o pago asignado na anualidade 2.022 por falta de fondos suficientes e garantir os importes necesarios para as solicitudes de produción ecolóxica, así como a totalidade dos expedientes de agroambiente e clima e as axudas para mozos que se incorporan á actividade agraria, durante todo o período actual da PAC 2023-2027.


5.- Demandar da Comisión Europea, Goberno do Estado e Xunta de Galiza, a paralización da aplicación da normativa de aplicación da nova PAC ata que se adapte a cada situación concreta dos diferentes territorios sobre os que se aplica: caderno dixital, veterinario de explotación, ordenación de explotacións bovinas, decreto de fertilización sostible do solo, aplicacións xeaga e melles, etc...

6.- Demandar do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza, a adaptación da metodoloxía dos ecoesquemas e por tanto do catálogo de ecorrexímenes á realidade da agricultura e gandería galegas.

7.- Instar á Comisión Europea e ao Goberno do Estado na defensa do principio de reciprocidade na utilización de produtos fitosanitarios e na reorganización da inspección na fronteira do Estado Español, priorizando as nosas producións fronte a terceiros países que comercializan coa Unión Europea.

8.- Instar ao Goberno do Estado ao mantemento da redución no prezo do gasóleo para o sector, así como as condicións do gasóleo agrícola profesional.

9.- Demandar da Xunta de Galiza políticas reais e activas de acceso da poboación aos alimentos, a través de canles curtas de comercialización, mercados locais e fomento dos produtos de proximidade, coa compra pública en comedores de escolas, hospitais e residencias de maiores.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



10.- Demandar da Xunta de Galiza dunha estratexia de asesoramento ao agro e investigación agraria pública, ante a ameaza constante da incidencia do cambio climático, co incremento das enfermidades que afectan tanto á saúde animal como vexetal das granxas e á propia rendibilidade ante o incremento de custes asociados ao encarecemento da enerxía, insumos e materias primas necesarias para o día a día”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Antes esta moción, por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Popular propón engadir aos puntos de acordo 1, 7, 9 e 10 formulados as seguintes consideracións de tal xeito que queden redactados como segue:

1.- Instar ao Goberno do Estado a modificar a Lei da Cadea Alimentaria para facer efectiva a prohibición da venda a perdas, recoñecer a oficialidade das ferramentas de cálculo de custes de produción (Contaláctea e Contacarne) postas en marcha pola Xunta de Galicia, a dotar á futura Axencia Estatal de Información e Control Alimentario das facultades necesarias para acadar prezos xustos para os produtos agroalimentarios, que redunden nunha renda digna para a xente traballadora do noso sector primario.

7.- Instar á Comisión Europea e ao Goberno de España na defensa do principio de reciprocidade na utilización de produtos fitosanitarios e na reorganización da inspección na fronteira do Estado Español; así como a defender a postura dos nosos gandeiros e agricultores respecto da situación xerada de competencia desleal que supoñen os tratados de libre comercio con terceiros países que firma a Unión Europea sen a esixencia de cláusulas espello.

9.- Demandar da Xunta de Galicia e das demais administracións políticas reais e activas de acceso da poboación aos alimentos, a través de canles curtas de comercialización, mercados locais e fomento dos produtos de proximidade, coa compra pública en comedores de escolas, hospitais e residencias de maiores.

10.- Demandar da Xunta de Galicia e das demais administracións, unha estratexia de asesoramento ao agro e investigación agraria pública, ante a ameaza constante da

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Observacións		Páxina	13/27
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



incidencia do cambio climático, co incremento das enfermidades que afectan tanto á saúde animal como vexetal das granxas e á propia rendibilidade ante o incremento de custes asociados ao encarecemento da enerxía, insumos e materias primas necesarias para o día a día.

Así mesmo, o Grupo Provincial Popular propón engadir os seguintes tres novos puntos de acordo:

11.- Demandar ao Goberno de España a retirada do lobo da LESRPE e a transferencia dos fondos comprometidos a Galicia para a prevención e compensación dos danos causados pola fauna salvaxe (xabaril, lobo...).

12. Mostrar dende a Deputación de Lugo o apoio ao sector primario de Galicia, aos seus gandeiros e agricultores e reivindicar a súa importancia no desenvolvemento do noso sector agroalimentario, tanto dende o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.

13.- Solicitar ao Goberno de España e ao resto de administracións a adopción destas medidas coa maior brevidade posible”.

A emenda é rexeitada polo Grupo proponente da moción.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=6>


6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEMANDA DE ACTUACIÓNS URXENTES NO FIRME DA ESTRADA N-540.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en demanda de actuacións urxentes no firme da estrada N-540.

Exposición de Motivos:

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	14/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



A día de hoxe podemos observar como continúa acrecentándose o deterioro da estrada N-540 que comunica as cidades de Lugo e Ourense. Isto, está a provocar graves problemas de seguridade viaria, con incidencias diarias máis ou menos graves. A veciñanza e o tecido socioeconómico das zonas polas que pasa non se merecen continuar con este padecemento no seu que facer diario.

Sendo coñecedores da recente adxudicación para a reforma integral da N-540 cun prazo de execución de 36 meses e visto o deficiente estado actual da citada vía, consideramos urxente a necesidade de mellorar e intensificar os traballos de mantemento, xa que non sería posible manter esta situación nun prazo tan prolongado ata que se realicen ditas obras.

Consideramos que non é suficiente con incrementar o número de sinais de perigo que avisan do firme en mal estado, xa que este tipo de actuacións non evita o incremento de incidencias coas rodas, cos parabrisas e incluso accidentes de tráfico.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno do Estado e aos partidos políticos galegos con representación no Congreso ou no Senado, dos seguintes acordos:

1. Reclamar ao goberno do Estado que se execute polo procedemento de urxencia a reforma integral da N-540 para garantir a súa seguridade.
- 2.- Reclamar ao goberno do Estado que se melloren e intensifiquen os traballos de mantemento do firme da N-540 para evitar as molestias e os danos económicos a veciñanza e ao tecido socioeconómico”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=7>

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	15/27
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA A REGULARIZACIÓN E AMPLIACIÓN URXENTE DAS ACTUAIS INSTALACIÓNS DA PROTECTORA DE ANIMAIS E PLANTAS DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para a regularización e ampliación urxente das actuais instalacións da Protectora de Animais e Plantas de Lugo.

Exposición de Motivos:


Desde hai anos a situación da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo é crítica. A falta de recursos é un problema constante dentro do día a día da actividade da Protectora. Precísanse máis recursos económicos, recursos humanos e fundamentalmente unhas instalacións dignas para albergar aos animais.

Actualmente as instalacións atópanse en Muxa, sendo titularidade da Deputación Provincial de Lugo, cedidas á Protectora. De media diaria albergan entre 30-40 gatos e sobre 300-350 cans, chegando a picos de máis de 500 animais albergados nalgúns momentos do ano. É por iso que se fai imprescindible a ampliación desta instalación, para garantir que teña unha capacidade adaptada á realidade, e así poder albergar na contorna de 500 cans e 100 gatos.

Así mesmo, é necesario que dende as entidades locais e a institución provincial se fagan campañas para concienciar á poboación sobre a adopción e tenencia de animais de maneira responsable.

No ano 2018 a Deputación Provincial de Lugo iniciou un proxecto para a regularización e ampliación das instalacións da Protectora, proxecto que paralizou tempo despois alegando publicamente problemas coas autorizacións. Actualmente non existe constancia de ningún tipo de impedimento normativo que impida a ampliación ou regularización da instalación na localización actual.

Tras diversas conversas e reunións cos representantes da Protectora de Animais e Plantas, e diferentes administracións, trasládannos que a opción máis viable para o

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	16/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



futuro desta sociedade é a regularización e ampliación das actuais instalacións, dado que non só teñen unha localización idónea, senón que o tamaño da parcela permite a ampliación das mesmas e ter un amplo espazo exterior para que os animais e os cuidadores poidan aproveitalos para paseos e espaxamento, tan necesario para o benestar dos animais.

A pesar de que a competencia do coidado dos animais é exclusiva municipal, dende o Grupo Provincial Popular entendemos que todas as administracións se deben implicar, por elo propoñemos a implicación da Deputación Provincial de Lugo, do Concello de Lugo e da Xunta de Galicia, para impulsar de xeito urxente un proxecto de Regularización e ampliación das instalacións actuais garantindo unha capacidade e medios dignos para o día a día dos animais. Todo elo sen descartar a posibilidade de poder concorrer ao financiamento a través de Fondos Europeos para garantir a mellora do trato dos animais.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

Que Deputación Provincial de Lugo, Concello de Lugo e Xunta de Galicia impulsen de xeito urxente un proxecto de regularización e ampliación das instalacións actuais da Sociedade protectora de Animais e Plantas, garantindo unha maior capacidade de acollida, así como unhas instalacións e medios dignos para o día a día dos animais”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e dos señores Deputados don Pablo Rivera Capón, don Francisco Cajoto Caserío e don Carlos López López, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 15 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=8>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN APOIO Á PROPOSTA DA “PLATAFORMA PRO APERTURA DA RESIDENCIA” EN DEFENSA DA APERTURA DO CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL EN BECERREÁ.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	17/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular en apoio á proposta da “Plataforma Pro Apertura da Residencia” en defensa da apertura do centro día e residencial comarcal en Becerreá

Exposición de Motivos

O Grupo Provincial Popular ten apoiado a construción da Residencia Comarcal de Becerreá e a súa posta en marcha para prestar o servizo de atención ás persoas maiores do municipio e a súa contorna.


Temos levado ao Pleno da Corporación Provincial diversas iniciativas neste sentido e agora seguimos trasladando as demandas dos veciños da comarca facéndonos eco da proposta da Plataforma Pro Residencia de Becerreá, para que toda a corporación provincial se pronuncie de xeito claro sobre a apertura deste centro residencial.

Por isto, transcribimos literalmente dita proposta:

“No mes de xullo 2021, rematáronse os traballos de construción do edificio da Residencia e Centro de Día da 3ª. idade de Becerreá, que consta de seis plantas e un baixo cuberta, que a convirte nunha das obras máis importante da Deputación Provincial dos últimos quince anos. Pese a isto a Deputación ignora o seu remate.

Máis de dous anos despois, nada se fixo, senón que con artimañas administrativas retrasáronse e non se iniciaron os trámites que permitirían abrir a residencia en breve, así:

- A instalación de subministración eléctrica, iniciada en 2019, adxudicada o día 22 de abril de 2023, con case tres anos de retraso, e sen dar de alta.
- A estas alturas, non está instalada a cociña, nin se sabe cando se vai a colocar.
- Non iniciaron os trámites para licitar e adxudicar o contrato para a instalación do equipamento do centro residencial, que se podería haber feito coa suficiente antelación, para recibir a obra rematada e iniciar a instalación do mobiliario.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	18/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Na reunión desta Plataforma “Pro Apertura Residencia Becerreá”, o representante da Deputación para Asuntos Sociais, volveu coa resposta administrativa de tempos de Larra: “vuelva ud. Mañana”, ou mellor aínda: “abrirémola canto antes”... que non sabemos que data é.

Dous anos sen facer nada, nin a Deputación, nin o Presidente, nin o Deputado Delegado, nin o PSOE, nin o BNG., que por certo é o que ten a postura máis clara, xa que nunca apoiou a construción desta residencia comarcal na Montaña, nin lle pareceu ben a sinatura do convenio entre a Deputación e o Concello de Becerreá. Polo menos son claros, aínda que no programa electoral para as municipais pasadas, levaban en lugar preferente no seu programa: “apertura inmediata da Residencia”. O triste é que acusan aos outros de enganar.

Algo parecido lle ocorre ao Grupo Provincial Socialista, que en cada intervención vai cambiando a versión orixinal e non se acordan de que Deputados dese grupo, firmaron e apoiaron o convenio, ao que agora dan largas. Iso sí, culpable do retraso:

- 1.-Alcalde Becerreá, (non prever no proxecto o centro de transformación - por certo encargado, supervisado e revisado por tres Presidentes e funcionarios da Deputación. Nunca se incluíron nos proxectos de residencias e outros feitos nesa entidade, non obstante despois de dous anos contratado aínda non está en servizo).
- 2.- A pandemia, o Covid, que paralizou os proxectos, da Deputación, pero solo o de Becerreá.
- 3.-¿Que vai facer Xunta?

Como non a rematen: nada, porque non pode conceder o PIA, mentres non estea todo o que falta en activo, e si o demoran será o momento de botarlles en cara ese presunto retraso.

4.- SUPLUSA e naquel entón o seu Presidente, tamén alcalde de Becerreá, cando en ningún momento apareceu ou tomou acordo algún SUPLUSA sobre esta Residencia, pero sí os tres últimos presidentes socialistas da Deputación Provincial de Lugo.

- 5.- A guerra de Ucraína....., etc., e a última :
- 6.- Que Europa non quere iste tipo de Residencias...., en fin, medias verdades, con manipulacións e mentiras.

É triste ter que escoitar todo isto, cando o que debería de primar en responsables públicos e partidos políticos –BNG/PSOE,- que din loitar “con feitos” polo futuro do rural, dotándoo de “máis servizos e actividade económica”, leven dous anos condenando a unha comarca, A Montaña, cunha poboación envellecida e dispersa

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



(que leva desde 1983 demandando e esperando este servizo) a seguir solicitando prazas de residencia.

Aínda que ao final do Pleno, parece ser que nos remanentes do ano 2023, teñen unha cantidade para dedicarlle ao equipamento da mesma, e citamos textualmente a nota de prensa da Deputación:

O presuposto saíu adiante, pois, seguindo o informe do servizo de Intervención, desestimáronse as dúas únicas reclamacións presentadas ao mesmo durante o período de exposición pública -unha polo Alcalde de Becerreá e outra pola Plataforma Pro Residencia da localidade-, dado que “xa existe crédito orzamentario para dotar de equipamento e seguir avanzando cara a apertura do centro coa incorporación de remanentes”.


Así o explicou a Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, quen, aludindo ao informe de Intervención, lembrou que o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Becerreá para a construción da residencia contempla a aplicación das baixas das licitacións ao propio centro, e que “os remanentes á data actual ascenden a 1.318.781,98€”. Así mesmo, “existe unha dotación de 300.000€ no Orzamento dispoñible de ser preciso”.

Informe de intervención, por certo, que certifica remanentes do ano 2023, (para que o Grupo de goberno: BNG-PSOE- salga do lodazal no que está metido) sen facer a liquidación do presuposto. En fin, cousas veredes. E por certo, as emendas nosas non era unha, eran oito propostas co fin de facilitarlles a decisión de que elixiran o crédito orzamentario para dotar de equipamento a Residencia que facilitara mellor a elección do mesmo, figurando xa expresamente no presuposto e non remitíndonos aos remanentes, pero nada diso se fixo. Co cal mentres non figure expresamente nalgún documento oficial e se concreten os prazos ou publicación da licitación do mobiliario, cociña.... na Plataforma de Contratación da Deputación ou no DOUE (Diario Oficial de la Unión Europea), ou no diario oficial que corresponda, seguiremos a facer actuacións en demanda da apertura, pois cremos sinceramente que nos están tomando o pelo, TOREÁNDONOS e dándonos largas.

Todas elas, actuacións urxentes que, de seguir nesta dinámica e non executarse pronto, retrasan e impiden tramitar todos os permisos e autorizacións necesarios ante a Xunta de Galicia (P.I.A.) para a posta en funcionamento do servizo”.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno provincial a:

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Iniciar e axilizar as xestións administrativas e contratacións pendentes en relación ao centro día e residencial comarcal en Becerreá, co fin de que non se retrase máis a apertura deste servizo largamente demandado polos veciños/as deste concello e comarca e se poña en funcionamento neste ano”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e dos señores Deputados don Pablo Rivera Capón, don Francisco Cajoto Caserío e don Carlos López López, membros do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Daniel García Fernández, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=9>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE TRINTA DE XANEIRO DE 2024, SOBRE ASIGNACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA Á DEPUTADA PROVINCIAL DONA MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Presidencia de trinta de xaneiro de dous mil vinte e catro, sobre asignación do réxime de dedicación exclusiva á Deputada Provincial dona María del Carmen López Moreno.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=10>

10.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE VINTE E UN DE FEBREIRO DE 2024, DE ADSCRICIÓN DA DEPUTADA PROVINCIAL DONA MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO Á COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS.

Dáse conta da Resolución da Presidencia de vinte e un de febreiro de dous mil vinte e catro, de adscripción da Deputada Provincial dona María del Carmen López Moreno á Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas. O Pleno da Corporación queda enterado.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	21/27
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=11>

11.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE TRINTA DE XANEIRO DE 2024, DE ATRIBUCIÓN DA DELEGACIÓN EXECUTIVA DA ÁREA DE XESTIÓN TERRITORIAL AO DEPUTADO PROVINCIAL DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Presidencia de trinta de xaneiro de dous mil vinte e catro, de atribución da delegación executiva da Área de Xestión Territorial ao Deputado Provincial don Miguel Fernández Méndez.

Así mesmo o Pleno queda enterado da corrección de erro da Resolución anteriormente sinalada, de data vinte e dous de febreiro de dous mil vinte e catro.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=12>

12.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE SETE DE FEBREIRO DE 2024, DE NOMEAMENTO DO DEPUTADO PROVINCIAL DON CARLOS LÓPEZ LÓPEZ COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO.

Dáse conta da Resolución da Presidencia de sete de febreiro de dous mil vinte e catro, de nomeamento do Deputado Provincial don Carlos López López como membro da Xunta de Goberno. O Pleno da Corporación queda enterado.


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=13>

13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DA AUDITORÍA DE SISTEMAS ANUAL DO EXERCICIO 2022 DE VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS, SEGUNDO O ESTABLECIDO NA LEI 25/2013.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe definitivo da auditoría de sistemas anual do exercicio 2022 de verificación do cumprimento das condicións de funcionamento do rexistro contable de facturas, segundo o establecido na Lei 25/2013.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=14>

14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DE CONTRATACIÓN DO ANO 2020.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Dáse conta do informe anual de control financeiro de contratación do ano 202. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=15>

15.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2023 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe dos meses de outubro, novembro e decembro de 2023 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=16>

16.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO CUARTO TRIMESTRE DE 2023 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

Dáse conta do informe do cuarto trimestre de 2023 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=17>

17.- DACIÓN DE CONTA DO NOVO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO E DO LÍMITE DE DÉBEDA NA APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2024 MODIFICADO POLA APROBACIÓN DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DE BOMBEIROS.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, límite de gasto non financeiro e do límite de débeda na aprobación dos Orzamentos do exercicio 2024 modificado pola aprobación do Orzamento do Consorcio Provincial de extinción de incendios de bombeiros.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=18>

18.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN: CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O ANO 2024 E TEXTO MODIFICADO DAS DITAS BASES.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Observacións		Páxina	23/27
Url De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Dáse conta do informe de intervención: corrección de erros nas bases de execución do Orzamento para o ano 2024 e texto modificado das ditas bases. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=19>

19.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO CORRESPONDENTE A 2023.

O Pleno da Corporación queda enterado do Plan Anual de control financeiro correspondente a 2023.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=20>

20.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ao trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0001 ao 0335. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=21>

21.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=22>

22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hai dous Rogos e duas Preguntas presentadas polo Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativa á rehabilitación integral da LU-P-1611, que textualmente di o seguinte:

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Máis de medio millar de persoas reclamaban diante a Deputación Provincial o pasado 30 de xaneiro o arranxo das estradas provinciais debido ao perigoso estado que presentan nalgúns casos.

Un exemplo do mal estado das estradas que son titularidade desta institución provincial é o da LU-P-1611 (o coñecido como cinto comarcal que comunica 11 concellos da contorna de Lugo) ao seu paso polo concello de Friol.

Uns días despois de que os veciños e veciñas amosaran as súas queixas na rúa, o goberno provincial de PSOE e BNG sacaba a licitación a contratación para a rehabilitación de firme en vías titularidade da Deputación; pero só para o 0,2% da totalidade da rede viaria (que inclúe só un 5% da LU-P-1611).

Trátase de actuacións claramente insuficientes. Igual que os pequenos parches aplicados nalgún dos baches ou buratos no firme da vía ao seu paso polo termo municipal de Friol despois da concentración veciñal diante da Deputación de Lugo.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que desenvolva de forma urxente a rehabilitación integral do firme da vía LU-P-1611 nos tramos nos que sexa preciso; así coma os traballos que sexan necesarios para dotar de seguridade á vía ata completar a totalidade dos 131 km e que mellore a rede de estradas da Deputación de xeito igualitario en todos os concellos”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ao estado do patrimonio provincial, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Recentemente, o goberno provincial aprobaba dirixir 900.000 euros das arcas provinciais á compra do castelo de Doiras. O goberno provincial dispón de diñeiro para pagar parte da compra dun novo ben inmovible, pero non se preocupa por conservar debidamente os bens que forman parte do patrimonio da Deputación de Lugo.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	25/27
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Un exemplo claro é a nave de Begonte que se atopa nun estado practicamente de abandono. A Casona do Incio caendo e as instalacións da escola de piragüismo tamén presentan numerosas deficiencias, entre outras.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que leve a cabo un estudo sobre as necesidades de mantemento dos bens inmobles que forman parte do seu inventario co obxectivo de coñecer as actuacións que sexa preciso acometer para conservar o patrimonio provincial establecendo un plan de intervención e a consignación orzamentaria necesaria para facer fronte a ese investimento.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular relativa ao catamarán Pelegrín I, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

O catamarán Pelegrín I foi presentado no Miño, na capital lucense, no ano 2003, polo entón presidente da Deputación, Francisco Cacharro Pardo e facía varias veces o recorrido entre Los Robles e Acea do Rei Chiquito.


En decembro de 2019, despois de meses e meses de abandono no Miño por parte de gobernos presididos por socialistas, a embarcación afundiou no río e, tras complexas peripecias para contratar o seu rescate, finalmente, por decisión do goberno bipartito foi trasladado a terreos da Deputación en Begonte, onde leva máis de catro anos varado nun prado e completa o seu proceso de deterioro.

O bigogoberno provincial decidiu non intentar a súa reparación e agora, despois de máis de catro anos, o catamarán continua abandonado no exterior dunha nave de titularidade provincial en Begonte, no medio de maleza e entre outros refugallo, e presenta un aspecto de ruína total.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que ten previsto facer o Sr. Presidente coa embarcación da Deputación “Pelegrín I” depositada e abandonada na parcela dunha nave da Deputación de Begonte?”.

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á posta en marcha dunha liña de financiamento para concellos, do seguinte teor:

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	26/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

O pasado venres 16 de febreiro, o goberno provincial aprobaba en xunta de goberno un convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para cooperar no financiamento de gastos correntes de bens e servizos do Concello de Pol no ano 2024 por importe de 240.000 euros, dos que 200.000 euros serán financiados pola Deputación Provincial.

A institución provincial dirixirá fondos de tódolos lucenses a sufragar gastos correntes (combustible, reparacións e seguros de vehículos...) dun Concello en particular. Se ben é certo que unha das funcións das Deputacións Provinciais é a cooperación cos Concellos, tamén o é o feito de que o goberno desta institución non colabora do mesmo xeito con todos os Concellos da provincia.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten pensado o goberno provincial poñer en marcha unha liña de financiamento para sufragar os gastos correntes dos 67 Concellos?”.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=14231630122&punto=23>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Código Seguro De Verificación	WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	José Antonio Mourelle Cillero	Asinado	15/03/2024 10:28:35	
Observacións	José Tomé Roca - Presidente Da Deputación de Lugo	Asinado	15/03/2024 09:19:09	
Uri De Verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/WTRsQE70Squ1GNn55PlVxg%3D%3D	Páxina	27/27	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			